

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DE VINTE E CINCO PRAZAS PARA A ATENCIÓN DE PERSOAS MAIORES DEPENDENTES EN RÉXIME DE ATENCIÓN DIÚRNA.

Sendo as 12:50 horas do día 18 de setembro de 2009, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma Sra Tenenta de Alcalde e Concelleira delegada da área de economía e emprego, dona Sonia Méndez García, actuando como vocais dona Carmen Basadre Vázquez, Concelleira delegada da Área de Benestar Social, Igualdade e Deportes, dona Cristina Ares, polo Grupo municipal do Partido Popular, don Xosé Chorén Vázquez, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Marcial Rodríguez Toajas, interventor xeral do Concello, dona Ana I. Sáez Mancebo, titular da asesoría xurídica e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello.

Abre a sesión a Sra Presidenta e procédese por parte do Sr Secretario a dar lectura ó informe da xefa de servizo de servizos sociais do Concello que fora solicitado pola mesa de contratación, en relación cos criterios non avaliábeis automaticamente e no que se pon de manifesto que as proposicións presentadas acadan a seguinte puntuación:

- ALALÁS S.L: 28,4 puntos.
- SANYRES S.A: 45 puntos.

A continuación procédese á apertura dos sobres B (proposición económica e criterios avaliábeis automaticamente), co seguinte resultado:

- ALALÁS S.L propón como prezo do contrato a cantidade de 625 euros, IVE incluído, por praza. Adxunta o plan de formación de persoal cun total de 200 horas de formación.
- SANYRES S.A propón como prezo do contrato a cantidade de 680,52 euros, IVE incluído por praza. Adxunta igualmente o plan de formación de persoal cun total de 77 horas de formación.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Refº: Acta concerto 25 prazas centro de día.doc

Asunto:

Á vista das ofertas, os integrantes da mesa proceden a realizar a puntuación nos dous criterios avaliados automaticamente co seguinte resultado:

ALALÁS S.L:

- Oferta económica: 50 puntos
- Plan de formación: 5 puntos.
- Criterios non avaliados automaticamente: 28,4 puntos.
- TOTAL: 83,4 puntos

SANYRES S.A:

- Oferta económica: 18,09 puntos
- Plan de formación: 1,93 puntos.
- Criterios non avaliados automaticamente: 45 puntos.
- TOTAL: 65,02 puntos

Á vista do resultado, os integrantes da mesa acordan por unanimidade propoñer a adxudicación provisional do procedemento á mercantil ALALÁS S.L nas condicións incluídas na súa proposición.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:00 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo: Sonia Méndez García

Asdo: Manuel Louzao Aldariz